



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Historia da educación		Código	652G01006
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía			
Coordinación	Lema Moreira, Estefanía	Correo electrónico	estefania.lema@udc.es	
Profesorado	Lema Moreira, Estefanía	Correo electrónico	estefania.lema@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Na materia de Historia da educación faise un percorrido polas etapas máis significativas na historia do pensamento pedagóxico e das institucións escolares.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Situar a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional.		A27 A31	
Coñecer experiencias de prácticas de innovadoras en educación infantil		A28	
Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.		A14	
Valorar a importancia do traballo en equipo.		A29	
Aprender a aprender.			B1
Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.			B3
. Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida			B10 B11 B17 C1 C4 C6 C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
A configuración e evolución histórica do concepto de infancia	A construción da categoría "infancia" no marco das sociedades contemporaneas.
Xénese e estrutura dos sistemas educativos nacionais	Xénese, estrutura e funcións
O sistema educativo en España	Xénese, evolución histórica e lexislación educativa
O pensamento pedagóxico contemporaneo	Os pioneiros da escola contemporanea. A Escola Nova. Teorías educativas socialistas, marxistas, anarquistas e libertarias. As pedagogías críticas. Plantexamentos pedagóxicos antiautoritarios. As correntes críticas á institución escolar. Movementos, institucións e práctica pedagóxica en educación infantil. A historia das innovacións pedagóxicas en educación infantil e a súa evolución.
A cultura escolar	Dimensión científica política e empírica. Os modelos contemporaneos de educación infantil.



.Xenealoxía da profesión docente	Evolución histórica da formación docente
----------------------------------	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A14 A27 A28 A31 B10 B11	24	0	24
Traballos tutelados	C4 C6	10	40	50
Lecturas	B3	0	23	23
Actividades iniciais	C7	4	0	4
Aprendizaxe colaborativa	A29	0	8	8
Presentación oral	B17 C1	2	0	2
Proba de ensaio	B1	2	0	2
Portafolios do alumno	C8	0	27	27
Atención personalizada		10	0	10
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Faráse unha exposición oral dos temas da guía coa introdución dalgunhas preguntas aos estudantes coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe
Traballos tutelados	Está referida a cómo facer un traballo de iniciación á investigación histórica. Os estudantes se responsabilizan do seu propio traballo pero seguindo as pautas que a profesora lles irá marcando a través dun seguimento tutorial individualizado.
Lecturas	Propoñeranse unha serie de lecturas obrigatorias dun conxunto de textos e documentación de carácter histórico gráfico que o alumnado terá que ler e recensionar.
Actividades iniciais	Levaráanse a cabo nas primeiras sesións de clase actividades de carácter expositivo por parte da profesora nas que se presentará o programa da materia.
Aprendizaxe colaborativa	Parte da idea de que os estudantes traballan xuntos para aprender e ao tempo son responsables mesmo da súa propia aprendizaxe como da dos seus compañeiros. Non se opón ao traballo individual. Máis ben debe entenderse como unha estratexia de aprendizaxe complementaria que tenta fortalecer o desenvolvemento global do alumnado.
Presentación oral	Exposición de traballos realizados, individuais ou en grupo, diante dun grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada.
Proba de ensaio	Pretende determinar os logros dos estudantes en termos obxectivos e avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia.
Portafolios do alumno	Recole apuntes persoais, traballos de investigación, resúmenes...

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	O alumnado de carácter presencial contará cun seguimento e atención personalizada tanto nas clases como no horario de tutorías. Canto ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica non se contemplan metodoloxías grupais. Terán todas características individuais e faráse un seguimento personalizado de carácter tutorial.
Presentación oral	
Aprendizaxe colaborativa	
Lecturas	
Traballos tutelados	

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	B17 C1	Exposición de traballos, individuais ou colectivos, diante do grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada.	10
Proba de ensaio	B1	Pretende determinar os logros dos estudantes en termos obxectivos e avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia.	20
Aprendizaxe colaborativa	A29	Parte da idea de que os estudantes traballan xuntos para aprender. Debe entenderse como unha estratexia de aprendizaxe que tenta fortalecer o desenvolvemento global do alumnado.	10
Lecturas	B3	Con carácter obrigatorio e optativo propoñeranse un serie de lecturas seguindo o temario do programa.	20
Traballos tutelados	C4 C6	Trátase de facer un traballo de iniciación á investigación histórica. Esixe por parte do alumnado un grao de responsabilidade consonte cos obxectivos e a calidade que debe presidir este tipo de traballo. No seu momento facilitaránse unhas pautas que permitirán a elaboración do mesmo, que se complementará cun seguimento tutorial individualizado.	40

Observacións avaliación

A avaliación da materia será continua e formativa.

A asistencia ás clases interactivas é obrigatoria. O alumno ou alumna que acumule máis de tres faltas de asistencia deixa de ser asistente pasando a ser avaliado seguindo outros criterios distintos ó alumnado asistente.

A avaliación final consistirá na presentación e defensa dun traballo tutelado grupal ao que lle corresponderá o 70% da nota final e unha proba de ensaio ao que lle corresponderá o 30% da nota final.

Os/As alumnas repetidoras poderán optar á asistencia ás clases ou de non asistir deberan realizar unha proba de ensaio de carácter obrigatorio ao remate do cuatrimestre na data marcada oficialmente pola Facultade e un traballo individual. O traballo individual terá un valor do 30% da nota e a proba de ensaio un 70%. Será imprescindible para aprobar a materia obter cando menos un aprobado tanto no traballo como na proba de ensaio.

O alumnado non presencial debidamente xustificadas deberán realizar unha proba de ensaio de carácter obrigatorio ao remate do cuatrimestre na data marcada oficialmente pola Facultade e un traballo tutelado de carácter individual. O traballo individual terá un valor do 30% da nota e a proba de ensaio un 70%. Será imprescindible para aprobar a materia obter cando menos un aprobado tanto no traballo como na proba de ensaio.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na materia na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será calificado de "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información

Bibliografía básica

..

..



Bibliografía complementaria	ANDERSON, M. (1988), Aproximaciones a la historia de la familia occidental (1500-1914), Madrid, Siglo XXI, 1988. ARANGUREN, J. L. e outros (1983), Infancia y sociedad en España, Jaen, Hesperia, ARIÉS P. e outros,(1987), Sexualidades occidentales, Barcelona, Paidós, ----- (1987), El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen, Madrid, Taurus, 1987. BALL, Stephen J. (comp.)(1993), Foucault y la educación. Disciplinas y saber, Madrid, Morata, 1993. BURGIERE, André e outros (1988): Historia de la familia, Madrid, Alianza, BORRÁS LLOP, J. (dir.)(1986) Historia de la infancia en la España contemporánea (1834-1936), Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales-Fundación Germán Sánchez Ruiperez. CASEY, J. (1950), Historia de la familia, Madrid, Espasa- Calpe. DELGADO, B. (1997), Historia de la Infancia, Barcelona, Ariel. DEMAUSE, LI (1982), Historia de la Infancia, Madrid, Alianza Editorial FOUCAULT, Michel,(1982) Vigilar y castigar, Madrid, Siglo XXI GONZALEZ-AGÁPITO, J.(2003), La educación infantil. Lecturas de un proceso histórico en Europa, Barcelona, Octaedro. TORRES J. e outros,(1993) Didáctica de la Educación Infantil, Madrid, MEC VARELA, J. e ALVAREZ-URIA, F.(1991), Arqueología de la escuela, Madrid, La Piqueta. El cabezota (1982). Director: Francisco Lara Polop (película). Las Misiones Pedagógicas (2006). Director: Gonzalo Tapia (documental) La República de los maestros (2004). Directores: Victoria Martínez e Arturo Villacorta (documental) La escuela fusilada (2006). Directores: Iñaki Pinedo e Daniel Álvarez (documental). A derradeira lección do mestre (2006): Xoán Carlos Garrido (documental). La Sección Femenina (2006). Director: Javier Ortega (documental). Afranio (2008). Director: Víctor Coyote (documental). Flores tristes (2008). Director. Teo Manuel Abad (documental). http://www.rtve.es/mediateca/videos/20091203/paisajes-historia---seccion-femenina/642193.shtml (La sección Femenina) Documental que se pode baixar da Rede http://edukazine.blogspot.com/ (portal de recursos cine e educación) http://www.cinehistoria.com/ (Portal de recursos de cine e historia) http://www.sc.ehu.es/sfwesdhe/ (Sociedad Española de Historia de la Educación) http://www.ceince.eu/main.php?id=1 (Centro Internacional de Cultura Escolar)
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

<p>-É obrigatoria a entrega cumprimentada da ficha de identidade persoal -Non se admitiran traballos dos que a profesora non teña constancia da súa realización. -As datas de entrega dos traballos son inamovibles, agás casos excepcionais. -Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado tódolos traballos esixidos. De faltar algunha das partes figurará un Non Presentado. -Os traballos escritos presentaránse ben identificados. Non se admitiran traballos encarnados con fundas plásticas, anillas ou deseños similares. Deberáns entregarse sempre a dobre cara. Faránsse sempre copias dos traballos entregados. - <p>

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías